

Expoño

Que a reforma integral da Rúa Carballo e Salto do Can era unha das prioridades na mellora de Rabo de Galo e así o reivindicamos dende a nosa Asociación. Unhas peticións que se materializaron ao incluírse esta obra no Plan de Investimentos elaborado en 2016 a raíz das propostas veciñais canalizadas polas AAVV.

*Que dende o inicio das obras foron moitas as problemáticas pola execución e tamén retrasos que puxeron en risco a seguridade das veciñas e veciños por as dificultades de acceso que padeceron durante meses incluso os vehículos de emerxencias.

Que a obra demorouse durante 13 meses a pesar de estar comprometida a súa execución en seis. Unha demora que non se viu compensada cun remate de obra adecuado, senon que as deficiencias e queixas veciñais son continuas como así recolleron os medios de comunicación durante meses.

Que a punto de concluírse os traballos son visibles as seguintes deficiencias:

-ACCESIBILIDADE. O nivel do firme xerou problemas de acceso en varias vivendas da Rúa Carballo tanto a pé, con veciñas que agora teñen un escalon para entrar na casa que antes non existía e con garaxes onde non poden acceder os coches. A rúa queda con desniveis que non parece lóxico como tomaron as cotas. Os muros das vivendas quedaron sen rematar debido os cambios no nivel da rúa despois da obra.

-ALUMEADO: A colocación das farolas instaladas supón un perigo visible para o tránsito de peóns e vehículos na zona por entorpecer o paso e por en risco a seguridade viaria.

-AUGAS: As canalizacións e sumidoiros instalados non cumpren de xeito adecuado a súa función xerando danos nas vivendas e peóns coas chuvias ademais de filtracións que tiveron que reparar as veciñas.

-HUMANIZACIÓN: O proxecto contemplaba remates en adoquín que non foron executados e na rúa existían bancos que se retiraron e non se instalaron novos.

Solicito

1-Que os técnicos municipais responsables do proxecto visiten a zona e comprobén as deficiencias evidentes na execución da obra emitindo un informe ao respecto da situación.

2-Que o Concello tome medidas para actuar solucionando as deficiencias existentes na obra antes do seu remate e recepción.

2-Que se informe as veciñas e veciños dos motivos da modificación realizada no proxecto inicial, sobre a responsabilidade nas deficiencias existentes na obra e quen se vai responsabilizar dos danos causados.

ACHEGO:

-Imaxes actuais das deficiencias existentes.

-Respaldo das veciñas e veciños afectadas pola chapuza da obra con 150 firmas.

Expediente relacionado